



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornadas sobre tendencias actuais da xestión urbanística en Galicia.

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	7
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2002
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1
RESPONSABLE:	[]				

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A complexidade das técnicas de aplicación do urbanismo vén resumirse nas específicas que determinan a súa xestión. Para moitos estas son as únicas válidas, porque na xestión é onde se resume todo o que facer urbanístico.

Estas xornadas estudian os comportamentos urbanísticos galegos neste campo, con especial incidencia nas actuais tendencias de aplicación da xestión urbanística así como do seu futuro, xa que non en van Galicia está sufrindo unha profunda revisión das normas de ordenación do territorio e urbanismo, tendentes a facer desta Comunidade Autónoma unha das máis modernas en canto a normativa se refire.

DESTINATARIOS

Persoal ó servizo da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

PROGRAMA

Trataranse estes temas:

- As actuacións sistemáticas. Análise dos novos sistemas de actuación previstos nas normativas urbanísticas autonómicas e comparación coa lexislación galega. A elección dos sistemas de actuación e a delimitación de unidades de execución.
- A xestión urbanística a través do sistema de compensación. Especialidades da lexislación urbanística galega. Análise de suposto práctico.
- A xestión dos sistemas de cooperación, expropiación e execución forzosa en Galicia.
- A execución asistemática en solo urbano. Actualidade da utilización das transferencias de aproveitamentos urbanísticos (TAU).
- Os mecanismos de xestión das dotacións públicas na lexislación urbanística galega: diferencias entre o solo urbano consolidado e sen urbanización consolidada; diferencias entre a obtención de dotacións locais e sistemas xerais.
- Os convenios urbanísticos como instrumento de xestión urbanística. Aplicación práctica.
- Os sistemas de actuación na Lei do solo de Galicia. Perspectivas de reforma.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Número de prazas: limitado á capacidade do local.

3. DATOS EDICIÓNS

PONTEVEDRA

LOCALIDADE: Pontevedra

INICIO / FIN: 06/02/2002 a 07/02/2002

NUM. PRAZAS: 105

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

Salón de actos da Facultade de Ciencias Sociais da Universidade de Vigo.
Campus da Xunqueira, Pontevedra.